

Oficina de Proxectos Internacionais
ÁREA DE INVESTIGACIÓN

PROMOCIÓN

ANTES DE PRESENTAR A TÚA PROPOSTA AXUDÁMOSCHE A...

- Identificar ideas e posibilidades de maneira temperá, grazas ao asesoramento personalizado segundo a área temática
- Procurar oportunidades de financiamento internacionais, asesorando sobre convocatorias e fontes de financiamento
- Procurar socios para os consorcios
- Preparar a túa proposta, orientándote obtención dos formularios administrativos, revisando o seu impacto e implementación e centralizando as posibles aportacións de outras unidades
- Revisar o que proceda, incluído o orzamento da túa proposta e presentala polos medios precisos

TAMÉN NOS ENCARGAMOS DE...

- Promocionar e organizar actividades que fomenten a actividade investigadora, como a formación en programas de financiamento, a participación en redes de I+D, o networking entre grupos de investigación da UVigo, etc.
- Difundir eventos de interese para a comunidade investigadora: InfoDays, webinaros sobre programas europeos, etc.
- Fomentar a participación en programas internacionais mediante a organización de xornadas e obradoiros para a elaboración de propostas exitosas
- Representar á UVigo perante os xestores dos distintos programas de financiamento, os NCPs, as plataformas tecnolóxicas e JTIs
- Ofrecer información sobre a participación en consorcios e redes de investigación internacional

E DESPOIS DE PRESENTAR A TÚA PROPOSTA realizamos o seguimento do proceso de avaliación e encargámonos da fase de negociación, ofrecendo o noso apoio na revisión e firma dos diferentes acordos

XESTIÓN

CANDO O TEU PROXECTO ESTEA CONCEDIDO ENCARGARÉMONOS DE...

- Facer o seguimento da execución do proxecto e asesorarémoste para un correcto desenvolvemento, cumprindo cos requerimentos do programa
- Asesorarte en todo o relacionado coa comprensión do proxecto, o programa de financiamento e a súa xestión en xeral
- Funcionar como punto de contacto único cos líderes do consorcio ou co ente subvencionador
- Axudar nas xestións técnicas e administrativas nas diferentes plataformas de seguimento dos proxectos
- Facer o seguimento económico, velando por que os gastos sexan elixibles e coherentes co orzamento, asegurando o cumprimento dos requerimentos do programa
- Supervisar e asesorar no cálculo da imputación horaria
- Asesorar na preparación e xestionar a solicitude das posibles modificacións e prórrogas dos proxectos
- Preparar, revisar e xestionar as xustificacións económicas do proxecto, dende a certificación de gasto ata o pagamento das declaracións, encargándonos, cando procede, de xestionar e responder ás posibles auditorías
- Certificar a túa participación nos proxectos internacionais de investigación

ONDE ESTAMOS?

Campus Vigo:

Oficina de Proxectos
Internacionais

Campus Universitario
Lagoas-Marcosende
Edificio Filomena Dato
Universidade de Vigo
36310 Vigo

opi@uvigo.es
986 130287

Campus Pontevedra:

Oficina de Proxectos
Internacionais

Campus Universitario de
Pontevedra
Escola de Enxeñaría
Forestal
36005 Pontevedra

tid.crea.po@uvigo.gal
986 801 863

Campus Ourense:

Oficina de Proxectos
Internacionais

Campus Universitario de
Ourense
Edificio Administrativo,
soto
32004 Ourense

opi7@uvigo.es
988 387 424